

MODULARTEC

3º ENCONTRO DE SÍNTESE MODULAR DA CORUÑA

2 E 3 DE OUTUBRO 2020



Presentamos o 3º Encontro de Síntese Modular da Coruña. Como nas anteriores edicións, o cartel de Modulartec reúne a un conxunto de artistas que traballan na vangarda da música e que teñen como denominador común o uso de sintetizadores modulares, que combinan con outros instrumentos como percusión, guitarras ou, como no caso de Biyi Amez, o theremin, que neste 2020 cumpre 100 anos dende a súa invención.

En seis sesións repartidas en dous días, viaxaremos por paisaxes sonoras que van desde a experimentación electroacústica ata o ambient, ou desde a revisión de pezas de música clásica ata o sonido industrial. Un universo sonoro filtrado polo primeiro e quizáis máis puro formato do que coñecemos como música electrónica: a síntese modular.

VENRES 2 DE OUTUBRO - 20:00 H | AQUARIUM FINISTERRAE. SALA MAREMAGNUM

TELÉMACO [ESP]



Dr. Think e Mike Rolling, é dicir, Álvaro Pardo e Miguel Rulos, falan sobre a vida nun proxecto chamado Telémaco, no que combinan «a música impetuosa de Beethoven coas bandas sonoras anodinas dos aeroportos, as enérxicas conversacións sobre a paixón coa cadencia relaxada dun saxo». Eles miran a vida como fusión e confusión e ofrécennos ese mapa sonoro acomodando melodías nadas de instrumentos tradicionais sobre cómodos colchóns de bases electrónicas. A vida visítanos na música de Telémaco en forma de televisores, teléfonos, mensaxes de voz gravados ou batedoras, todo iso dominado pola improvisación.

BIYI AMEZ [ESP]



Músico mallorquino polifacético, posuidor dun auténtico arsenal de criaturas sónicas. Biyi publicou o seu primeiro traballo a finais dos 90 e trátase da triloxía titulada *La máquina del Tiempo* nun estilo que a grandes liñas poderíamos cualificar de hip-hop instrumental, breaks ou headz music moi en boga nesa época. Actualmente está considerado un dos poucos especialistas na interpretación do theremin en España e realizará nunha actuación con este instrumento e os seus sintetizadores modulares. O theremin pertence á familia dos instrumentos electrófonos, o son créase mediante circuitos eléctricos e xera e amplifica o son de forma totalmente eléctrica sen a utilización de ningún mecanismo. Forma parte do subgrupo dos instrumentos radio-eléctricos. Precisamente este ano cúmprese un século desde a súa creación polo compositor e físico ruso Léon Theremin.

CARLOS SUÁREZ [ESP/VENEZUELA]




Compositor, etnomusicólogo e percusionista galego-venezolano, nacido en Ourense. É Mestre compositor polo Conservatorio Superior de Música Simón Bolívar de Caracas e etnomusicólogo polo Instituto Universitario de Estudos Musicais de Caracas. Creou máis de 40 obras acústicas e electroacústicas. Tamén ten composto para danza, teatro, radio, vídeo, instalacións e recitais poéticos. As súas viaxes de investigación por Venezuela e o caribe iníciáanse en 1989, principalmente ás áreas culturais afroamericana do caribe e indíxena do Amazonas, onde realiza gravacións e estudos sobre música e paisaxes sonoras. Transcribiu máis de 36.000 compases de música tradicional de todo o mundo. Traballou como investigador para FUNDEF e FINIDE Fundación Internacional de Etno-Musicología durante 10 anos. No ano 2003 retorna a Galicia, iniciando os seus estudos da paisaxe sonora galego co colectivo escoitar.org. No ano 2006 gana en Venezuela o Premio Nacional de Cultura polo seu libro *Los chimbángueles de San Benito*. As súas conferencias e talleres viran ao redor de temas de psicoacústica, fonografía e composición, etnomusicología e paisaxes sonoras.

LINALAB [COLOMBIA/ESP]



Lina Bautista é unha moza colombiana nacionalizada española e establecida en Barcelona desde 2009 e formada no campo da experimentación electroacústica. Construíu un discurso musical baseado no tratamento en tempo real da guitarra, as texturas electrónicas e as paisaxes sonoras. Linalab é unha singularidade múltiple, é conxunto e unidade, é un son solitario, unha nota, unha frecuencia que ao permanecer no tempo se complexiza, enmaráñase, vólvese ruído, melodía, canción e despois, silencio.

JUAN MANUEL CIDRÓN [ESP]



Juan Manuel Cidrón é un talento veterano da electrónica española desde os primeiros oitenta e desde a súa Almería natal. É un home analóxico, nin ten ordenador nin sequera teléfono móbil, e o seu son céntrase nos sintetizadores e os instrumentos analóxicos. A súa colección de aparellos é impresionante, unha das mellores do país. O seu son está influenciado nos seus primeiros anos pola Escola de Berlín dos setenta (Tangerine Dream, Klaus Schülze, etc...). Cun extenso background difícil de seguir, a súa liña de traballo é moi independente. Cidrón traballa sempre desde a la #Ultraperiferia de su Extrarradio, selo propio no que publicou 20 referencias. Ten unha especial conexión co selo madrileño Geometrik, onde editou o maxistral *Patagón* en 2012, e é moi recente a sorprendente proposta no trío Vértice xunto a nada



menos que Saverio Evanxalista (Esplendor Geométrico) e Maurizio Bianchi, onde inauguran a serie Decay Music nº 1 *Besoch Trauma* (2019) no selo italiano Die Schachtel cunha edición cunha presentación exquisita como adoita ser habitual. O seu último traballo, *Los conciertos que nunca se hicieron* é de recente publicación e, como reza o título, son interpretacións en directo das actuacións que Cidrón tiña programadas para este ano e que debido á pandemia quedaron canceladas ou aprazadas e que el interpretou igualmente no seu estudo o mesmo día e á mesmas horas dos seus concertos e que quixo reflectir neste traballo non destinado á venda de edición limitada.

DEATH WHISTLE [ESP]



Víctor García é xa un vello coñecido de Modulartec xa que participou no primeiro encontro e esta vez vai presentar a súa evolución dentro da interpretación con sintes modulares. É un compositor, deseñador sonoro e programador que traballou en proxectos como *Decorado*, *Psiconautas*, *los niños olvidados*, *Sangre de Unicornio* ou *Ramiro, sucia rata*. O seu traballo foi exposto en festivais de cinema tan importantes como Cannes, San Sebastián ou Annecy. Cabe destacar, o premio Goya 2017 á mellor película de animación por *Psiconautas, los niños olvidados*, o Goya 2017 á mellor curtametraxe de animación por *Decorado* e os nomeamentos ao Goya de *Soy una Tumba* e *Sangre de Unicornio* en 2019 e 2015 respectivamente. Así como a selección de *Sangre de Unicornio* no festival internacional de cinema de Aubagne, especializado en compositores para o medio audiovisual. Con *Death Whistle* traslada o seu son cinemático ao escenario a través do uso da paisaxe sonora, o ruidismo e melodías punzantes que envolven ao espectador nunha experiencia sónica entre o onírico e o terreal.

+ información:

Instagram: @modul_artec
info.modulartec@gmail.com



CONDICIÓN XERAIS

ENTRADAS

- Entradas de balde
- Reserva de entradas www.enterticket.es dende as 12:00 h do luns 28 de setembro ata que se completen os 50 tickets.
- 1 entrada por persoa.
- Acceso ao evento 30 minutos antes do inicio.
- As entradas non validadas 10 minutos antes do inicio do evento serán reasignadas a outra persoa que por orde de chegada terá preferencia para o acceso.

PROTOCOLO COVID-19

- Desinfección de mans con xel hidroalcohólico no acceso e toma de temperatura ó entrar.
- Obrigatorio uso de máscara.
- Débese ocupar un asento e non cambiarse ata o final dos concertos.
- A entrada e a saída realizarase polo percorrido indicado.
- En todo momento seguiranse as indicacións do persoal.